



FLOW DO TOXO

GRUPO MUSICAL CON BASE NO RAP QUE FUSIONA DIVERSOS XÉNEROS MUSICAIS E INSTRUMENTOS TRADICIONAIS GALEGOS QUE DÁN COMO RESULTADO UN ESTILO BAILONGO E DIVERTIDO CUN PUNTO FORTE DE REIVINDICACIÓN E PROTESTA DENDE O RURAL TRANSFEMINISTA.

O grupo nace no ano 2018 no Condado Paradanta coa necesidade de ocupar escenarios, torreiros, primeiras filas e todos os entornos do panorama musical nos que impera o patriarcado

Deste xeito, Flow non só se define contándonos unicamente a nós mesmas senón a todas aquelas que nos acompañan no día a día e no mais alá. A nosa música vai dirixida a calquera que poida identificarse con ela, a quén lle ghuste e lle apeteza, a aquelas que nos acompañan e seguen esta mesma loita e incluso ás que tapan os ouvidos e nos tratan de loucas.

Catro mulleres que aprenden cousas novas todos os días grazas a este fermoso proxecto. Compartindoo con artistazas como La Basu, TESA, Brassica Rapa, As Punkiereteiras, Cristina Morquillas, Peter Petrowski, Corazon Molotov e outras tantas que están por vir.



TRAXECTORIA

5 ANOS

Dende 2018 ata actualidade, Flow do Toxo percorreu as salas e os festivais da Galiza de norte a sur (As Revenidas, Millo Verde, Festivala, Neghra Sombra, Festival da Poesía, etc.).

No 2021 tamén actuaron fóra de Galiza, en Bilbo nas festas de Aste Nagusia, na chozna okupa Kranba.



A DESTACAR

No ano 2019, gañaron o Premio do Público no Certame de Youtubeir@s co seu single e videoclip Flow do Toxo.

Ademias, en 3 ocasións deron charlas/coloquios e/ou concerto en colexios e Institutos, estes foron: I.E.S Pazo da Mercé de As Neves, I.E.S Val do Tea de Pontareas e I.E.S Primeiro de marzo de Baiona.



XÍANONNEVA

RAPEIRA, CANTAREIRA E PANDERETEIRA

No 2011 iniciou unha nova etapa da súa vida no mundo da cultura, música e feminismo. Comezou formando parte do Círculo feminista do Condado e de novo, pois xa algo aprendera de pequena, en aulas de pandeireta e canto.

Desas aulas xurdiron As Punkiereteiras, grupo de cantareiras feministas na que xa non é compoñente, pero que sigue admirando e querendo. E non podemos deixar de mencionar ao Festival das Brétemas na súa formación, pois quizá, fora no que máis aprendeu, tanto musical como culturalmente. De todo isto saíu Flow do Toxo, un proxecto que despexa a súa mente ao mesmo tempo que lle da forza para continuar loitando.




TODA PODEROSA LAURIS

RAPEIRA, CANTAREIRA E PANDERETEIRA

A pesar de ter unha pequena bagaxe musical 'académica', non foi ata que formou parte das Punkiereteiras, cando descubriu o verdadeiro pracer pola música.

Con ese mesmo espírito creouse Flow do Toxo, un lugar onde sinte que pode medrar artística e persoalmente rodeada de colegas. Neste proxecto toma terra e tamén alento entre tanta adversidade.



SILVIA DE TABOEXA (ST)

MC, RAPEIRA E PANDERETEIRA

Dende os 7 ata os 14 anos en aulas de pandeireta e baile tradicional galego na Agrupación Folclórica Algazara de Celeiros (Ponteareas) para rematar sendo rapeira e autodidacta musical con sede e inspiración no rural.

Ten colaboracións con grandes artistas do país como Peter Petrowski, O Rabelo e Fernando Abreu, entre outras.



TEMIBLEOLIVINA

RAPEIRA, CORISTA E DJ

De pequena cantaba, traía trastornada a súa familia por tan solo berrar. Polo que na adolescencia, recibiu clases de canto con Juan Abalde durante 2 anos.

Despois de intentos absurdos en grupos con persoas random, no ano 2019, cae do ceo unha ddj 200 e comeza a formar parte das Flow do Toxo como DJ, formándose dun xeito autodidacta. No 2022 descubriuse como rapeira, onde berra dende o rural a realidade social actual.

Aínda que nos seus ratos libres (jajaja) adícase por ó mundo social sendo Integradora Social, Educadora Social e Monitora de Ocio e Tempo Libre. Ademais de ser unha mona que lle gusta facer o parbo.



CD

AQUÍ ESTÁN AS QUE GHRITAN



01 - Teknazo (Intro)

02 - Flow do Toxo

03 - Aquí están as que ghritan

04 - Concha de Luneda

05 - A xustiza pola man

06 - Pasodobre Potakas (Ft. Peter
Petrowski)

07 - Manolo Pirolo

08 - Atakando

09 - Libre e Bestas (Ft. Brassica
Rapa)

10 - Pararrapás

11 - Cos pes na terra (Ft. TESA)

12 - Jo Ta Ke Irabazi Arte (Ft. La
BASU)

13 - O toxo

14 - Botapatrap





981 582 836

info@culturactiva.org

www.culturactiva.org

CULTURACTIVA
MÚSICA

